

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP PLURILINGÜE DA RIBEIRA
CURSO: 4º E 6º DE PRIMARIA
MATERIA: FRANCÉS
NOME: RITA IGLESIAS SANTAMARÍA
DATA: MAIO DE 2020

ÍNDICE

1. Introducción.
2. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
3. Avaliación e cualificación.
4. Actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso e no seu caso ampliación) e materiais e recursos.
5. Metodoloxía.
6. Información e publicidade.

1. Introducción

Ante a situación extraordinaria creada pola alerta sanitaria debida ao COVID-19, realizamos a modificación da PD atendendo ao disposto en:

- Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 (Ministerio de la Presidencia, Relaciones con las Cortes y Memoria Democrática),
- Orde EFP/365/2020, de 22 de abril, pola que se establecen o marco e as directrices de actuación para o terceiro trimestre do curso 2019-2020 e o inicio do curso 2020-2021, ante a situación de crise ocasionada polo COVID-19 (Ministerio de Educación e Formación Profesional),
- Instrucións de 27 de abril de 2020 para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia (Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa da Xunta de Galicia).

Os cambios sobre a PD inicial aquí recollidos están orientados a un proceso de ensinanza non presencial, activo, equitativo e motivador para todo o alumnado, tendo en conta a realidade social específica deste centro educativo (capacidade familiar de apoio ao alumnado, equipos informáticos, conexión a internet, coñecementos informáticos...).

O traballo a desenvolver polo alumnado (de carácter voluntario e coa posibilidade de valoración unicamente positiva) será a realización de actividades de reforzo, repaso, recuperación e ampliación dos contidos tratados na aula ata a interrupción das clases presenciais.

ÁREA DE LINGUA ESTRANXEIRA: FRANCÉS 4º

2. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	Competencias clave
Comprender preguntas e informacións relativas á información persoal moi básica (nome, idade, gustos ...), sinxelas, así como instrucións e peticións elementais relativas ao comportamento na aula.	Comprende preguntas moi básicas sobre si mesmo/a (nome, idade, gustos...) e a información igualmente básica sobre outras persoas.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA
Facer hipóteses sobre o posible sentido dun texto apoiándose en elementos paraverbiais moi evidentes e en situacións de comunicación moi familiares.	Comprende vocabulario moi elemental e sinxelo sobre temas familiares acompañados de imaxes que os ilustran con claridade.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL
Falar de si mesmo/a e de persoas da súa contorna inmediata, de lugares e obxectos achegando información moi fundamental: idade, nome, gustos, usando frases moi sinxelas.	Fai presentacións moi breves e elementais previamente preparadas e ensaiadas sobre temas moi próximos a si mesmo/a (dicir o seu nome, idade, a súa cor favorita, presentar á súa familia, indicar os seus gustos).	<ul style="list-style-type: none"> • CCL
Utilizar as estratexias básicas de hipótese para a comprensión do sentido xeral e a identificación da información esencial do texto.	Comprende a idea principal dunha historia moi elemental acompañada de apoio visual e identifica os e as personaxes principais.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL
Aplicar patróns gráficos e convencións ortográficas básicas para escribir palabras e frases curtas que utiliza normalmente ao falar.	Escribe frases moi sinxelas, lexibles, organizadas con coherencia na súa secuencia e con léxico relacionado co tema da escritura.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL
Expresar nocións moi básicas e elementais relativas a tamaño, cantidade, posesión, número calidades físicas e cor.	Diferenza saúdos de despedidas e o uso fórmulas de cortesía.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CSC
Recoñecer e utilizar un repertorio limitado e moi elemental de léxico de alta frecuencia relativo a situacións cotiás e temas habituais, moi familiares e concretos relacionados coas súas experiencias, necesidades e intereses.	Comprende e usa adecuadamente o vocabulario básico necesario para participar nas interaccións de aula, ler textos infantís moi sinxelos e escribir con léxico traballado previamente.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CSC

ÁREA DE LINGUA ESTRANXEIRA: FRANCÉS 6º

2. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	Competencias clave
Comprender preguntas e informacións relativas á información persoal moi básica (nome, idade, gustos ...), sinxelas, así como instrucións e peticións elementais relativas ao comportamento na aula.	Comprende preguntas moi básicas sobre si mesmo/a (nome, idade, gustos...) e a información igualmente básica sobre outras persoas.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA
Facer hipóteses sobre o posible sentido dun texto apoiándose en elementos paraverbais moi evidentes e en situacións de comunicación moi familiares.	Comprende vocabulario moi elemental e sinxelo sobre temas familiares acompañados de imaxes que os ilustran con claridade.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL
Falar de si mesmo/a e de persoas da súa contorna inmediata, de lugares e obxectos achegando información moi fundamental: idade, nome, gustos, usando expresións e frases moi sinxelas e de uso moi frecuente, normalmente illadas ou enlazadas con conectores básicos.	Fai presentacións moi breves e elementais previamente preparadas e ensaiadas sobre temas moi próximos a si mesmo/a (dicir o seu nome, idade, a súa cor favorita, presentar á súa familia, indicar os seus gustos) cunha pronuncia e entoación comprensibles.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL
Utilizar as estratexias básicas de hipótese para a comprensión do sentido xeral e a identificación da información esencial do texto.	Comprende a idea principal dunha historia moi elemental acompañada de apoio visual e identifica os e as personaxes principais.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL
Ler en voz alta textos moi breves, moi elementais e previamente traballados oralmente, amosando unha entoación e pronuncia adecuadas.	Le en voz alta textos moi breves, moi elementais e previamente traballados de forma oral, con entoación e pronuncia comprensibles e, se cumprise, rectificando espontaneamente.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA
Aplicar patróns gráficos e convencións ortográficas básicas para escribir con razoable corrección palabras e frases curtas que utiliza normalmente ao falar, pero non necesariamente cunha ortografía totalmente normalizada.	Escribe frases moi sinxelas, lexibles, organizadas con coherencia na súa secuencia e con léxico relacionado co tema da escritura.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL
Expresar nocións moi básicas e elementais relativas a tamaño, cantidade, posesión, número calidades físicas, forma e cor.	Diferenza saúdos de despedidas e o uso fórmulas de cortesía.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CSC
Recoñecer e utilizar un repertorio limitado e moi elemental de léxico de alta frecuencia relativo a situacións cotiás e temas habituais, moi familiares e concretos relacionados coas súas experiencias, necesidades e intereses.	Comprende e usa adecuadamente o vocabulario básico necesario para participar nas interaccións de aula, ler textos infantís moi sinxelos e escribir con léxico traballado previamente.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CSC

3. Avaliación e cualificación

Avaliación	Procedementos: Observación directa do traballo diario. - Análise e valoración de tarefas especialmente creadas para a avaliación. - Valoración cuantitativa do avance individual (cualificacións). - Análise e valoración das tarefas propostas para realizar na casa de xeito non presencial.	
	Instrumentos: - Libretas e traballos (escritos e online) do alumnado. - Caderno de anotacións do profesorado. - Probas escritas. - Documentos dixitais (arquivos de texto, imaxes...) enviados polo alumnado coa realización das tarefas propostas polo profesorado.	
Cualificación final	PORCENTAXE NA NOTA FINAL	
	1ª avaliación	40,00%
	2ª avaliación	50,00%
	3ª avaliación	10,00%
	Cualificación total	100,00%
Esta porcentaxe só será tida en conta positivamente. Valorarase especialmente a situación sociofamiliar polo equipo docente, para evitar a exclusión social dadas as características particulares do noso centro.		

4. Actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso e no seu caso ampliación)

Actividades	<p>Dende a nosa aula estanse levando a cabo actividades de repaso, reforzo e ampliación de carácter motivador para consolidar o grao de adquisición das competencias clave.</p> <p><u>Actividades de repaso:</u> sobre os contidos tratados na aula anteriormente: comprensión e expresión oral, exercicios estruturais e de fixación, exercicios de substitución, de vocabulario, de ortografía, descripcións, poemas, diálogos, cancións, lectura, exercicios con imaxes, actividades online, etc.</p> <p><u>Actividades de reforzo:</u> as mesmas actividades relacionadas anteriormente afondan nos contidos traballados na aula para fixalos.</p> <p><u>Actividades de ampliación:</u> nas actividades citadas anteriormente inclúense pequenas tarefas que propoñen pequenas ampliacións sobre os contidos xa traballados.</p> <p><u>Actividades de recuperación:</u> os apartados das actividades anteriores nos que se traballan os contidos dados e avaliados na aula de forma presencial presentan un carácter de recuperación, xa que no caso da correcta realización das actividades o alumnado demostra a adquisición das aprendizaxes que non dera superado anteriormente.</p>
Materiais e recursos	<p>Puxemos a disposición do alumnado as ferramentas necesarias para que poidan continuar dende a casa o traballo iniciado nas aulas:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Ordenadores

	<ul style="list-style-type: none">- Caderniños, CD.- Fichas e outros materiais... <p>Recursos on-line para facilitar as tarefas do alumnado.</p> <p>Abalar Móbil e correo electrónico para resolver dúbidas, mandar traballos, comunicados, etc...</p> <p>Os materiais que o alumnado precisa para realizar as tarefas son: un equipo informático con conexión a internet e material escolar de escritorio (libreta, folios, lapis ou bolígrafo, ceras ou lapis de cores, tesoiras, pegamento...).</p> <p>Os recursos didácticos con contidos e información son aportados nas indicacións da tarefa mediante fichas, direccións web ou deben ser investigados polo alumnado na web se así o propón a actividade.</p>
--	---

5. Metodoloxía

Actualmente, estamos vivindo unha situación familiar, social e económica de emerxencia polo que a metodoloxía a nivel de centro e de aula experimentou certos cambios.

A metodoloxía será flexible, activa, motivadora, dirixida ao logro dos obxectivos e das CC, baseándose na aprendizaxe significativa, procurando a atención á diversidade e a autonomía no proceso de aprendizaxe, e potenciándose o uso das novas tecnoloxías na súa dobre vertente de transmisoras e xeradoras de información e coñecemento, e como medio e recurso de traballo.

Nesta situación é moi importante o traballo do profesorado en equipo e coordinado, para solventar todas as carencias que poida ter o alumnado, favorecendo o uso das tecnoloxías da información e comunicación e permitindo que realicen as actividades cos medios que teñan á súa disposición.

Para mellorar o traballo do alumnado o centro dotou de ordenadores a 27 familias de alumnos matriculados entre 1º e 4º de EP. Esta entrega realizouse o 15 de abril coa axuda de Protección Civil do concello de O Porriño e aproveitando a súa presenza entregáronse 6 ordenadores E-dixgal que quedarán no centro. Tamén se entregaron libros de texto.

O concello do Porriño prestou(durante tres meses) 30 routers a familias que non tiñan conectividade a Internet. Esta entrega realizouse o 6 de maio coa presenza novamente de Protección Civil.

6. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	Agora máis que nunca, resulta fundamental o contacto e o seguimento diario con toda a comunidade educativa. Para iso, empregamos diferentes recursos tecnolóxicos como Abalar Mobil, Edixgal, Webex, correo electrónico e chamadas telefónicas. O Equipo Directivo réunese semanalmente, así como todo o Claustro e os diferentes departamentos (D.O; E.D.L.G; CCP...). Falamos a diario coas familias e cos/as alumnos/as, e ademais, o Equipo Directivo está atento e dispoñible desde o centro a todas as demandas que xorden. Tamén no Facebook do centro e Instagram educativo.
Publicidade	Todo o oficial na páxina web do centro.